

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

(SECRETARIA XERAL)

CERTIFICADO DE SECRETARÍA

Lucía Artime Alonso Secretaria, do Excmo Concello da Estrada, do que é Alcalde D. José C. López Campos, **CERTIFICO** que, pola Alcaldía en funcións dictouse o Decreto nº 2017-1153 de data 13 de outubro que a continuación se transcribe:

“Vista a proposta da Alcaldía relativa á adxudicación do contrato para a execución da obra “*MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO PRAZA DA MÚSICA*”.

-Visto o expediente tramitado, de contratación da obra “MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO PRAZA DA MÚSICA”

-Visto que dentro de prazo presentaron ofertas as empresas FIMASI, CONSTRUCCIONES BOQUEIXÓN SL, TABOADA Y RAMOS SL, COVSA, ANLLAR SLU, NEXIA e ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL

-Vistas as declaracións responsables presentadas polas indicadas empresas.

-Visto que, de conformidade co estipulado na cláusula 14 das do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, relativa á fase de negociación, enviouse un escrito aos catro licitadores mellor clasificados, que resultaron ser FIMASI, ANLLAR SLU, NEXIA e ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL, para que formularan contestación, ben confirmando a primeira oferta presentada ou ben mellorando a mesma.

-Visto que tres empresas presentan unha segunda oferta: dous ratificándose na anterior e outra que mellora a presentada inicialmente.

-Visto que unha das empresas invitada á segunda volta, NEXIA, declina seguir no procedemento

-Visto que como consecuencia do anterior, a empresa **ANLLAR SLU** resultou ser a que presentou a oferta máis vantaxosa para o Concello,

-Visto que presenta a inscrición da indicada empresa no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, o cal, de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen esta licitación, considérase suficientemente acreditado o cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores).

-Visto que tamén presenta a documentación relativa á póliza de responsabilidade civil así como Declaración de empresas vinculadas, segundo o establecido na cláusula 13, Sobre A, apartado h) dos PCAP.

-Visto igualmente que presenta o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

Vista a fiscalización da Intervención Municipal de data 11/10/2017.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 682 de 15 de xuño de 2015.

Visto o sinalado no artigo 10 da Lei 40/2015 no relativo á avocación de competencias,

RESOLVO:

1º- Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º.-Adxudicar o contrato da obra “MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO PRAZA DA MÚSICA”, por importe de 81.282,90 euros a ANLLAR MANTENIMIENTOS Y

CONSTRUCCIONES S.L.U., con CIF nº B70473640 e enderezo en Avda. De Monelos nº 229, baixo, Eirís, 15009 A Coruña, con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

Asimesmo deberá executar as melloras previstas no Anexo II do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, por importe de 12.206,25 euros, de conformidade coa oferta presentada.

3º.- Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación.

4º.- Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores.”

E para que así conste, e aos efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde en funcións.

O Alcalde en funcións,

A Secretaria

(documento asinado dixitalmente á marxe)